



POLÍTICA DE CALIDADE E AMBIENTAL DO CONCELLO DE VIVEIRO

O Concello de Viveiro estableceu un Sistema de Xestión de Calidade e Ambiental de acordo coa Norma UNE 13009 "Requisitos e recomendacións para a xestión de praias" na praia de Area co fin de lograr a satisfacción de todos aqueles que visitan as praias do noso municipio, dotándoa duns servizos de calidade e mellorando o comportamento ambiental e previndo o deterioro dos areais.

Coa implantación deste sistema de xestión de calidade e medio ambiente, o Concello de Viveiro quere ofrecer ós seus visitantes un ecosistema protexido e cun elevado valor natural, así como uns servizos de calidade acordes ós requisitos das correspondentes normas.

O Concello ten un claro compromiso de mellora continua e de prevención da contaminación. Este Concello comprométese a establecer os medios técnicos e económicos necesarios para frear a contaminación e previr na orixe, así como, previr e eliminar na medida do posible calquera impacto que poida causarse sobre o medio como consecuencia das súas actividades, eliminar calquera risco hixiénico-sanitario que poida surxir polo uso e disfrute da praia. Garante, á súa vez, un seguimento de todas aquellas actividades que se realicen no litoral establecendo mecanismos de mellora continua, en colaboración con todos os sectores do municipio, asegurando a evolución tanto na calidade ambiental do medio coma nos servizos prestados.

No desenvolvemento de todas aquellas actividades que se realicen nas praias de Viveiro o Concello comprométese a establecer iniciativas que aseguren o cumprimento das leis e regulamentos, ó mesmo tempo que as esixencias dos usuarios, outros requisitos aplicables ás actividades que se desenvolven na praia ou calquera outro requisito que a nosa organización suscriba relacionado cos aspectos ambientais que poidan interactuar co medio ambiente. Ademais, pretende promover a participación de todo o persoal e usuarios na protección e mellora do litoral, mediante mecanismos de formación e sensibilización, incidindo na comunicación a todos os niveis.

Esta política serve de marco de referencia para definir e avaliar periodicamente obxectivos de calidade e medio ambiente nas nosas praias co obxecto de impulsar a mellora continua nestas.

Esta Política é comunicada todas as persoas da organización ou que traballan no noso nome, incluíndo a todos os contratistas que traballan nas nosas praias. Así mesmo esta Política estará a disposición do público.

O litoral é un ben común, é por iso que desde o Concello queremos facer partícipes a todos os usuarios da praia de Area, así como a todos aqueles que realizan as súas actividades nela, do presente proxecto, promovendo a súa colaboración, e buscando a satisfacción de todos aqueles que dun modo ou outro gozan das praias de Viveiro".

Viveiro, 4 de marzo de 2024.

Alcaldesa do Excmo. Concello de Viveiro